

VIERNES, 4 de febrero de 2011

ENTREVISTA: XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS | POETA E TRADUTOR | LUCES

"Concordo con Valente, a poesía é unha sondaxe na escuridade"

TERESA CUIÑAS | 4 FEB 2011

Pasou os últimos catro anos vivindo entre Salvador de Bahia e Vigo, onde se instalou aló pola década dos setenta, e hogano recoñece que a luz e a calor bahianas xa forman parte indisolúbel da súa existencia. Unha vida, tan afeita ás viaxes e ás mudanzas como vencellada á Mariña da súa infancia, xeradora de procesos experienciais dos que Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) leva dúas décadas peneirando materiais líricos e reflexivos cos que conforma estruturas de pensamento, en verso medido e rimado. É a súa unha das traxectoria máis celebradas criticamente de entre os seus coetáneos.

Un froito dese traslado vital máis recente é o poemario *Deserto Diamantino* (VIII Premio de Poesía Caixanova 2009) e anuncia, para a primeira metade de 2011, un diario en prosa sobre a súa vivencia brasileira. Este serán, Baixeras, poeta membro da chamada Xeración dos 80, á que homenaxou noutro volume recente *-Bos tempos para a lírica. A xeración poética de 1980-*, tradutor, antólogo e editor, será homenaxeado pola asociación cultural A Pomba do Arco (Casa da Cultura de Foz, 20.30 horas), cabo dun feixe de amigos do escritor para celebraren a súa palabra.

"Pola natureza da linguaxe, a poesía é insondábel e preciso abandonarme"

Pregunta. No prefacio do libro *Deserto Diamantino* alude ao "viaxeiro-poeta que, mais unha vez, se adentra no descoñecido". Percibe a poesía como unha función vital?

"A miña vida está marcada polas viaxes, familiares ou persoais"

Resposta. Cando non a teño, necesítoa. Non é doado atopar o momento para recollela, porque non valen todos e ela non sempre se deixa. Tamén son consciente de que a poesía é un acto de abandono... cousa que depende dos poetas. Dada a natureza da linguaxe, a poesía é algo insondábel, polo que para poder escribir preciso abandonarme, cómpre estar predisposto para a chegada da voz, do contrario sería falso. A autenticidade é fundamental, senón nótase. Concordo con Valente, que dicía que a poesía é unha sondaxe na escuridade.

"O poeta debe escoitarse e eliminar o que distorsione a súa voz"

P. "A nada é o que hai" é un dos derradeiros versos do seu último libro. Semella que escribe perseguindo unha certeza que coñece de antemán.

R. Eu creo que a poesía é a vida, polo tanto, unha sucesión de carencias. Eis o libro de Antonio Gamoneda, *Arden las pérdidas* (2003). Non é unha sensación inédita... pero o certo é que o tempo pasa, despois da xuventude os días corren máis axiña... e iso vai traendo o coñecemento da perda, da nada absoluta, onde parece ser que todo remata. A miña intención é demoledora, pero non é nova.

P. O escritor e crítico Xosé María Álvarez Cáccamo tamén bo amigo seu, definiuno como un "nómada sedentario", logo de identificar a tensión entre a viaxe e a casa no cerne da

súa urda poética. Igualmente *Deserto Diamantino* arrinca dunha viaxe.

R. Toda a miña vida está marcada polas viaxes, primeiro por razóns familiares e despois persoais, e os meus primeiros libros de poesía están reunidos no volume *Anos de viaxe* (Premio da Crítica española, 1987). O último comezou na miña derradeira estada importante, no Brasil, onde me mudei trala xubilación, para vivir a metade do ano cunha filla que reside en Salvador de Bahia, costume que recuperarei tras o verán porque a súa luz e a temperatura humana e ambiental xa forman parte da miña vida. *Deserto Diamantino* está dividido en cinco partes. A primeira, *Regalía*, é un intre de exaltación no que o poeta toma posesión. A segunda, *A voz perdida*, empeza cunha adversativa que contradí o anterior, porque aparece a imaxe da perda da voz orixinal, a que importa na poesía lírica e a que fai atractivos aos poetas novos. Non a todos, porque hai moita impostura. Pero algúns se deixan e seguen escoitando á súa voz interior. Logo constato outras perdas, a do amor e a do mar, símbolo de xuventude. E o libro remata con *As poutas*, as garras que nos arrebatan a vida e onde hai unha sucesión de preguntas e de loita de contrarios. Este poemario é máis reflexivo que lírico e mesmo ten certo ton didáctico, polo que carece de espontaneidade.

P. Na Bahia sorprendeuno o emprego da rima nos poetas brasileiros novos.

R. Como reacción á vangarda que eles atravesaron hai varias décadas, hai modas diversas entre os novos. As máis frecuentes lévaos a cultivaren unha poesía inspirada nos poetas populares e a outros a escribiren en verso, o que influíu na métrica do meu libro. Cando era máis novo, antes de escribir en galego, pasei unha temporada moi longa de silencio porque non atopaba o meu lugar poético. Agora iso xa non me importa, mesmo entre os meus compañeiros de xeración ningún me fixo sentir incómodo polo emprego da métrica e de certo clasicismo na forma, sempre me sentín comprendido. Outra cousa son a xente máis nova, aínda que os hai que tamén prenden nas formas clásicas.

P. Que lle interesa do panorama actual das letras?

R. A poesía galega é a expresión da orixe, o que me parece moi bonito, sobre todo nas poetas mulleres, claro que a estética é diferente. Interésame, sobre todo, a cuestión das orixes, de como o aborda unha rapaza que vén do rural, e non a orixe literaria ou libresca. É algo que ten que ver coa voz primixenia. O poeta ten que saber escoitarse, eliminar o que distorsiona a súa voz, como a ideoloxía. Dito así parece algo reaccionario, pero non o digo desde o punto de vista político, senón poético. O poema ten que ser espontáneo, cómpre procurar que non haxa interferencias e despois saber comunicar.

P. E vostede por que emprega a métrica?

R. Pola resoancia. Os poetas da miña xeración conservamos da xeración anterior o gusto pola palabra, dámoslle gran importancia, en liña coa tradición da poesía galega, caracterizada polo efecto sonoro. Poetas como Pepe Cáccamo, poño por caso, pero en realidade practicamente todos. Ademais o formalismo do soneto, por exemplo, permite en poucos versos unha gran condensación.

P. En que traballa na actualidade?

R. Este ano vou publicar *Brasil no centro* en Galaxia. Trátase dun libro en prosa con formato de diario nas pasaxes ambientadas en Galicia e en partes de España, con aparencia autobiográfica, e estampas bahianas de todo tipo, paisaxes, costumes, gastronomía, un home que lle fala a un galo... Están escritas coa inocencia da primeira impresión, canda recén chegado. Neste caso, o máis interesante é a lingua, sentir o galego, porque qué podo dicir eu de Brasil. Non é unha guía de viaxes e eu xa non teño idade para meterme nas vivencias de novelas como a de Iolanda Zúñiga [*Periferia*, Xerais, 2010]. Trátase dunha aproximación inxenua pero non importa, así é como é todo o mundo cando chega por primeira vez a un sitio ao que non acode en plan expedicionario!

P. Ser galego tende pontes no Brasil?

R. Galicia está moi presente na realidade bahiana, o país ten aló fillos que xa son brasileiros e por calquera razón aparece a pegada. Mais non existe a relación literaria que debía haber, nin moito menos, e hai unha grande ignorancia por ambas partes. Con todo, un poeta brasileiro amigo meu sempre relata a inmensa emoción que sentiu cando visitou o leito de morte de Rosalía, na Casa da Matanza.